

XANEIRO – MARZO

2025

Estimadas familias,

Queremos desexarvos unha moi boa entrada de ano e comunicarvos que comezamos un novo trimestre cheo de proxectos, actividades, celebracións e traballo.



Celebramos a Infancia Misioneira do 13 ao 17 de xaneiro. Moitas grazas polas vosas aportacións.

O 24 de xaneiro, festexamos o día do Niño Jesús de Praga.

O 7 de febreiro celebraremos o día da Paz e o día do Xaxún voluntario (día do bocata, como nos gusta dicir). E non pasaremos por alto o día 23, Día de Rosalía de Castro.

O 28 de febreiro será a festa do Entroido no centro. As vacacións de Entroido serán os días 3, 4 e 5 de marzo.



Continuamos cos nosos proxectos de reciclaxe e APS (aprendizaxe-servizo): papel, materiais escolares de refugallo, tapóns..., recreos residuos cero e contiunamos desenvolvendo o noso obxectivo deste curso, A PACIENCIA.



Participaremos por primeira vez no concurso de recollida de pilas e acumuladores PILABOT.

Durante este mes teredes información sobre os programas de Inmersión Lingüística de 5º e 6º de EP e tamén sobre a excursión de final de curso de 4º de ESO. Os alumnos de 1º e 2º ESO viaxarán a York (Inglaterra) nos primeiros días de maio.

Xa en marzo, teremos en conta o Día Internacional da Muller (día 8) e participaremos na Reconquistiña. O día 27 non haberá clase por ser día non lectivo elixido polo centro, e o 28, día da Reconquista de Vigo (festivo local).

Animámosvos tamén a estar en contacto cos titores dos vosos fillos para motivar e supervisar o traballo dos alumnos e así conseguir bos resultados na segunda avaliación. Entregaranse as cualificacións o 21 de marzo.

Do 27 de xaneiro ao 14 de marzo teremos as xornadas de portas abertas para coñecer o colexio e o noso proxecto educativo. O prazo de recollida de solicitudes de admisión é do 1 ao 20 de marzo.

Un saúdo,

A Dirección

Coñece á **#FamiliaNJP**

Xornadas de **PORTAS ABERTAS**
Curso **25-26**

Do 27 de xaneiro ao 14 de marzo
luns, mércores e venres
15:05 – 15:45 – 16:30

Reserva a túa visita no
986 43 38 00
ou escribindo a
diracadvigo@hijasdelacaridad.org

